

Sumario | n°21 – Novembro 2022

**EDIUS** **NOVAS**

## Convocados os Premios Extraordinarios de Doutoramento 2020-21

**EDIUS** **NOVAS**

**BENVIDA 22/23**

## Benvid@s á EDIUS!

O impulso  
das bolsas

José Manuel Cifuentes  
Martínez, novo subdirector  
da área de Ciencias da  
Saúde da EDIUS



**EDIUS** **NOVAS**

**EDIUS** **NOVAS**

Máis de 300 persoas asisten  
en Santiago ás Xornadas  
sobre Cultura Laboral  
en Investigación



**OPINIÓN**

Experimentación animal

**ENTREVISTA**

David Facal-Mayo, director  
do Innovation Senior Lab



«O envellecemento da  
poboación é un logro  
social e ofrece múltiples  
oportunidades»

**BENVIDA 22/23**

# Benvid@s á EDIUS!



O pasado 25 de outubro, o edificio CEA do parque de Vista Alegre (Santiago) acolleu a I Xornada de Benvida da EDIUS.

Numerosos doutorandos e doutorandas da USC asistiron, presencial e telematicamente, á explicación pormenorizada que o director da Escola, Pablo Taboada Antelo, fixo sobre o funcionamento da EDIUS.

Taboada aproveitou a xornada para animar aos investigadores e investigadoras a buscar a excelencia na etapa de doutoramento e lembroullas de que se trata dunha “carreira de fondo” que deben afrontar con moita ilusión.

A Escola Internacional de Doutoramento da USC organizou esta

benvida para o alumnado matriculado no primeiro período. A EDIUS organizará outra xornada deste tipo en marzo de 2023, cando finalice o segundo período de matrícula.

O director explicou a organización da escola, así como os trámites aos que deberá fazer fronte o alumnado de doutoramento ao longo da súa etapa investigadora. Taboada Antelo explicoulles que a principal preocupación da EDIUS é “facer un seguimento académico do voso traballo para que este cumpra cos requisitos de calidade desta Universidade”.

**EDIUS** **NOVAS**

## José Manuel Cifuentes Martínez, novo subdirector da área de Ciencias da Saúde da EDIUS



José Manuel Cifuentes Martínez substitúe a Juan Zalvide como subdirector da área de Ciencias da Saúde da Escola de Doutoramento Internacional da USC. Cifuentes é doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e pertence ao Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias da Facultade de Veterinaria, no campus de Lugo.

### **Con que ánimo asume o seu nomeamiento?**

En primeiro lugar, quero agradecer á vicerreitora de Titulación e Internacionalización e ao director da EDIUS a confianza por terme proposto para este posto. O traballo desenvolvido polo profesor Juan Zalvide, anterior subdirector da área de Ciencias da Saúde, foi magnífico e, polo tanto, o que pretendo é continuar con este traballo ben feito e estar á altura.

### **Que lle dirías aos doutorandos e doutorandas que comezan a súa investigación na área de Ciencias da Saúde?**

Esta área é moi diversa. Trátase de trece programas de doutoramento con temáticas ben diferentes, o que dificulta facer suxestións que sexan acaídas para todos. Debería ser o coordinador de cada un dos programas, e máis en concreto o director/a ou titor/a, o que estaría en mellores condicións de facer esa reflexión.

### **E un consello xeral...**

Eu diríalles aos estudiantes de doutoramento en xeral que están a comezar unha nova fase na súa formación, enormemente interesante e que require de moito traballo e dedicación. Que collan esta labor con ilusión e ganas de aprender, e que non se desanimen cando as cousas non saian como esperaban. O meu consello é que sexan constantes, porque finalmente as metas logran acadarse.

**«O meu consello é que sexan constantes, porque finalmente as metas logran acadarse»**

[Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Convocados os Premios Extraordinarios de Doutoramento 2020-21

A Universidade de Santiago de Compostela convoca os Premios Extraordinarios de Doutoramento 2020-2021 ao que optan as teses de maior calidad científica defendidas no curso académico anterior ao desta convocatoria. Segundo aparece recollido nas bases, e de acordo coa Normativa de Concesión do Premio Extraordinario e co Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 31 de outubro.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a EDIUS publicará a relación provisoria de candidatos e candidatas presentados, xunto coa asignación da grande área e subárea correspondentes no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC. Na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio.

Os solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para presentar alegacións. Tras a consideración das posibles alegacións, a EDIUS publicará a relación definitiva de candidatos e candidatas presentados. Frente á publicación da relación definitiva de candidaturas non caberá recurso.

Todas aquellas persoas que teñan dúbidas ou que queiran realizar calquera consulta sobre o procedemento de concesión deste premio deben enviar un correo electrónico, indicando a grande área de coñecemento correspondente, ao enderezo da EDIUS [ediush@usc.es](mailto:ediush@usc.es).

No Taboleiro electrónico da USC pódese atopar a normativa pola que se rexela a concesión dos premios neste ano, a convocatoria, o Anexo I coas teses que optan ao premio, o Anexo II cos criterios de valoración e o Anexo III onde se nomean os integrantes das catro comisións de valoración, unha por cada grande área de coñecemento.

### Destinatarios

- Doutorandos e doutorandas con teses defendidas na USC no curso académico 2019-2020 no período comprendido entre o 1 de setembro de 2019 e o 31 de agosto de 2020.

### Requisitos

- Que a tese fora cualificada polo tribunal como “sobresaliente” e se lle outorgara a mención cum laude.
- A suma das puntuacións emitidas polos membros do tribunal na súa valoración da tese de doutoramento para os premios extraordinarios debe ser igual ou superior a 12 puntos.

### Número de premios extraordinarios

Na convocatoria deste ano concederanse un total de 34 premios, distribuídos nas catro grandes áreas do seguinte xeito:

- Artes e Humanidades: 5
- Ciencias Sociais e Xurídicas: 7
- Ciencias e Enxeñarías: 11
- Ciencias da Saúde: 11

 [Ir ao sumario](#)

ARTES Y HUMANIDADES	Nº posibles candidatos	Nº de premios
Filosofía, Filoloxia e Lingüística	25	3
História, Xeografía e Artes	18	2
<b>Total Artes y Humanidades</b>	<b>43</b>	<b>5</b>
CIENCIAS E ENXERARÍAS	Nº posibles candidatos	Nº de premios
Biología e Ciencias da Natureza	15	2
Enxeñarías	11	2
Física	12	2
Matemáticas	7	1
Química e Tecnología Química	31	4
<b>Total Ciencias e Enxerarías</b>	<b>76</b>	<b>11</b>
CIENCIAS DA SAÚDE	Nº posibles candidatos	Nº de premios
Ciencias da Saúde	104	11
<b>Total Ciencias da Saúde</b>	<b>104</b>	<b>11</b>
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Nº posibles candidatos	Nº de premios
Ciencias da Educación e a Comunicación	26	3
Dereito e Ciencias Políticas	12	2
Economía	8	1
Psicología	6	1
<b>Total Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	<b>52</b>	<b>7</b>
<b>TOTAL XERAL</b>	<b>275</b>	<b>34</b>



## ASIGNACIÓN DE DIRECTOR/A DE TESE

Asignarase no momento da matrícula e, en todo caso, deberá estar asignado nun prazo máximo de tres meses.

## PLAN DE INVESTIGACIÓN

As persoas matriculadas por primeira vez no curso 2022/23 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de investigación:

- 11 de abril de 2023.

## INCORPORACIÓN DE ACTIVIDADES NO DOCUMENTO DE ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO CURSO 22/23

Prazo límite para todos os estudiantes de doutoramento o 30 de xuño de 2023.

## CALENDARIO DA AVALIACIÓN ANUAL NO CURSO 2022/23

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfís Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que, en todo caso deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2023.

O prazo para que o alumno ou alumna formule alegacións será de 10 días hábiles dende a emisión do Informe de evaluación anual.

## CAMBIO DE MODALIDADE DE DEDICACIÓN

Nos períodos ordinarios de matrícula

## PRAZOS PARA A SOLICITUDE DE PRÓRROGAS

- Do 15 ao 30 de novembro de 2022: Prazo para pedir prórrogas para aquelas persoas con data de finalización prevista entre o 1 de febreiro e o 31 de agosto de 2023.
- Do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2023: Prazo para os doutorandos e doutorandas con finalización inicial entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024.

## BAIXAS TEMPORAIS

Durante o curso

## PERÍODOS NON LECTIVOS

Serán períodos non lectivos o mes de agosto, os días festivos e outros períodos de interrupción da actividade académica.

Os períodos de interrupción da actividade académica serán:


- Desde o mércores 23 de decembro de 2022 até o 6 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos)
- O luns e martes de Entroido (20 e 21 de febreiro de 2023)
- A Semana Santa (desde o 3 até o 7 de abril de 2023, ambos incluídos)

## OUTROS DÍAS NON LECTIVOS

27 de xaneiro de 2023: festividade de San Tomé de Aquino, e os días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os correspondentes ás festas locais.

## FUNDACIÓN

### José Otero - Carmela Martínez



## O impulso das bolsas

Case 30 persoas se benefician este curso das becas que outorga a Fundación José Otero-Carmela Martínez para alumnado de doutoramento da USC.

Un total de 28 doutorandos e doutorandas da USC beneficiaranse este curso de becas da Fundación José Otero-Carmela Martínez. Estas axudas pretenden fomentar a investigación a través dos estudos de doutoramento do estudantado con menos recursos económicos, ou que se atopen nunha situación persoal e familiar de gravidade en función dos indicadores de vulnerabilidade e risco de exclusión social. Deste xeito, a USC, en colaboración coa Fundación José Otero-Carmela Martínez, posibilitará que aquelas persoas matriculadas nun programa de doutoramento, que non poidan sufragar a súa formación, teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación de cara á excelencia na realización da tese doutoral.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos da matrícula dos estudos de doutoramento, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización

das actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación. Esta beca inclúe, por exemplo, a cobertura dos gastos derivados da realización dunha estadía de investigación nun centro do estranxeiro, de entre un mes e tres meses de duración, aprobada con carácter previo á súa realización pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento da USC. Tamén entrarán os gastos derivados da asistencia a congresos, conferencias, seminarios ou reunións científicas. O importe das axudas vai entre os 1.000€ e os 3.000€.

Desde a Fundación explican que estas axudas están no ADN da súa creación, aló polo ano 1996. Segundo explican, a Fundación José Otero-Carmela Martínez botou a andar, entre outras cousas, para axudar economicamente aos universitarios e universitarias da USC máis desfavorecidos. Este ano, a axuda céntrase nos alumnos e alumnas de doutoramento.

**A continuación, falamos con algúns dos doutorandos e doutorandas que conseguiron estas bolsas.**

[Ir ao sumario](#)

Como valoras a concesión desta axuda para a túa investigación?

Até que punto supón un impulso para seguir adiante?

### CARLA LORENZO FOJÓN



En primeiro lugar, destacar que estou moi agradecida á fundación José Otero-Carmela Martínez polo apoio e oportunidade que brindan a mozos investigadores con menos recursos. No meu caso, aínda que estou matriculada no doutoramento de Ciencia e Tecnoloxía Química a xornada completa, o meu contrato como investigadora da USC é so a tempo parcial. É unha situación complexa, se non precaria, na que se atopan moitos investigadores en toda España.

Conceder unha axuda en función dos recursos económicos dos solicitantes é un bo xeito de asignar os fondos. Particularmente, tanto a asignación á matrícula como a asignación para material informático supón unha axuda determinante para seguir adiante coa investigación. Bríndame a oportunidade de acceder a recursos aos que, doutro xeito, a día de hoxe non podería acceder. Por último, e de novo, agradecer o compromiso da fundación no fomento da investigación.

### SERGIO SILVA BEA



Valoro moi positivamente a concesión da beca. Moitos estudiantes de doutoramento están un ano enteiro esperando a concesión de axudas predoutorais como a da Xunta de Galicia ou a FPU, que é o meu caso, e grazas a axudas deste tipo pódense cubrir os gastos da matrícula e incluso posibilita a participación nun congreso, o que supón un apoio importante de cara ao primeiro ano da tese.

O mundo da investigación é moi sacrificado pero gratificante e tenche que gustar para estar nel. Creo que esta beca supón un impulso importante para seguir adiante, sobre todo para as persoas que non chegan a conseguir as axudas predoutorais, xa que poderían ter os gastos de matrícula cubertos polo menos.

Como valoras a concesión desta axuda...

Até que punto supón un impulso...

CARLA ROMERO ÁLVAREZ



A axuda é importante para min, xa que até o de agora non recibira ningunha clase de financiamento para a miña investigación, áinda que por sorte conto co apoio económico dos meus pais. Toda axuda conta e estou moi agradecida.

Ademais do seu valor económico recoñezo que tivo un impacto importante na miña motivación. En maior ou menor medida todos precisamos dun pouco de validación externa que nos asegure que o que facemos é merecedor de recoñecemento.

ANDERSON DE JESÚS



A concesión desta beca permite que adquira unha ferramenta informática imprescindible para o desenvolvemento dos meus estudos académicos. Chega no mellor momento, cando inicio unha fase da miña investigación de doutoramento para a que necesito un ordenador portátil con capacidade de tratamento e almacenamento de datos. Este equipo permitirá centralizar os meus documentos: arquivos, bases de datos, software e programas informáticos específicos para a análise de datos estadísticos. Desta maneira, poderei levar comigo o portátil áí onde sexa necesario: facultade, biblioteca, congresos, seminarios, etcétera.

Primeiramente, quero deixar constancia da miña felicidade por ser un dos beneficiarios desta axuda. Valóroa como un recoñecemento ao meu empeño e esforzos nos estudos. Son unha persoa dedicada, intento que non me freen as dificultades e non dispoño de ningunha outra axuda económica para realizar os estudos de doutoramento. Por todo isto, esta axuda vaime apontar unha inxección de ánimo e estimúlame para desenvolver os traballos de investigación da miña tese. Este equipo, sen dúbida, mellorará o meu rendemento académico e organizativo, e poderei xestionar os meus estudos con más calidade e efectividade.

Como valoras a concesión desta axuda...

Até que punto supón un impulso...

JAMILA FARAJOVA



É un efecto significativamente positivo na produtividade da nosa investigación, como un impulso extra pola Fundación e a Universidade. Ademais, independentemente da nosa situación económica ou familiar, esta axuda contribúe a garantir a igualdade de oportunidades, o benestar social do alumnado, aumenta a nosa autoestima a nivel máis persoal e favorecerá, sen dúbida, o crecemento profesional. Porque sabemos que as bolsas e as axudas aos estudos van máis aló de ser un alivio da carga de responsabilidade económica que temos como estudiantes.

Axudaranos a afondar na nosa participación e colaboración académica e no impacto nacional e internacional dentro dos nosos campos científicos, o que, á vez, contribúe á calidade da investigación académica. Tamén proporciona determinación e resiliencia académica e favorece unha aposta destacada pola difusión inmediata dos resultados da nosa investigación á comunidade científica. E, por suposto, tamén expreso o meu máis profundo agradecemento á nosa universidade por ofrecer non só unha experiencia académica de gran calidade para todos os estudiantes, senón tamén polo apoio constante e a igualdade de oportunidades para a inclusión social de todos os membros da comunidade universitaria.

RAFAEL CANABAL FALCÓN



Valoroo a concesión desta axuda de maneira moi positiva, dado que, ademais do aforro económico que me supón, permitirame acudir a congresos importantes nos que expoñer o meu traballo e aprender máis sobre o meu campo de estudo e outros afíns, sendo estes acontecementos ademais experiencias moi enriquecedoras a nivel profesional e persoal.

A concesión de financiamento para material informático suporá un impulso importante á hora de ampliar o coñecemento no meu campo de estudo e rematar a tese de doutoramento ao dispoñer de ferramentas más potentes para levalo a cabo. Para finalizar, gustaría agradecer á Fundación José Otero-Carmela Martínez a concesión desta beca.

Como valoras a concesión desta axuda...

Até que punto supón un impulso...

**KRISTIE HELENE NOVOA DURANTE**



Recibir o apoio da miña propia universidade é algo moi importante e estou encantada de que me concederan a beca da Fundación José Otero-Carmela Martínez. Aínda que non se trata dunha axuda específica para o exercicio da investigación, os custes derivados do doutoramento (matrícula, traslados e inscricións en eventos científicos, outros materiais, etc.) tamén supoñen para moitos doutorandos e doutorandas un obstáculo, que se aliviará con este importe. Ademais, o proceso de solicitude da beca foi rápido e sinxelo, polo que non nos supuxo ningunha complicación máis alá das que xa temos ao realizar os nosos estudos.

Síntome apoiada, como nai de familia monoparental e inmigrante, para seguir cos meus esforzos e levar a cabo un proxecto de investigación en Educación no que aposte e xa invisto todas as miñas forzas. Estou segura de que, coma min, os demais doutorandos e doutorandas beneficiados coa beca tamén terán un estímulo para desenvolver os seus proxectos en mellores condicións.

**ALEJANDRO CAO CANCELAS**



Sen dúbida axuda moito, xa que para os investigadores novos, que áinda estamos comezando, o problema económico é algo que entorpece de maneira notable a nosa labor investigadora. Ademais, neste momento de inicio, a maior parte de nós comezamos a emanciparnos e, dende logo, calquera axuda económica é benvida.

Supón un gran impulso, non só no ámbito económico, xa que esta axuda tamén vai permitir a moitos de nós asistir a congresos, onde coñeceremos a labor doutros investigadores e publicaremos os nosos resultados do laboratorio. Desta maneira, terminaremos esta etapa de tese doutoral sendo mellores investigadores.

Como valoras a concesión desta axuda...

Até que punto supón un impulso...

NOELIA PÉREZ MARTÍNEZ



Pois tendo en conta que na actualidade non teño ningún contrato para realizar a miña tese de doutoramento (polo tanto, traballo gratis), a bolsa Xosé Otero/ Carmela Martínez axúdame en certa medida a pagar os gastos ligados ao propio doutoramento, como é a matrícula, sen ter que depender dun traballo alleo á investigación nin de meus pais. Así mesmo, a concesión dunha estadía no estranxeiro permitiríame seguir formándome no meu campo nunha institución estranxeira, concretamente o Max Planck of Geoanthropology, sen ter que poñer a totalidade dos cartos do meu peto. Por último, ainda que non sexa o meu caso porque non pedín os outros dous apartados posibles da Bolsa, valoro positivamente que se destine financiamento para sufragar os gastos da realización de Congresos e a compra de material informático, punto este último moi importante, xa que hai investigadoras que non posúen as ferramentas básicas para levar a cabo a súa investigación e non teñen os recursos financeiros suficientes para mercalas.

Como comentei na pregunta anterior, non teño ningún tipo de financiamento para realizar a miña tese de doutoramento, polo que moitas veces a preocupación pola precariedade na que me atopo me produce un forte desánimo e me impide concentrarme totalmente na miña investigación, como seguramente lle pasa a tódalas investigadoras na mesma situación. A concesión da Bolsa Xosé Otero/ Carmela Martínez, pese a non ser equiparable a un contrato predoutoral, dáme en certa medida forzas para continuar adiante e para non pensar, alomenos momentaneamente, na miña falta de recursos económicos.



Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

# Máis de 300 persoas asisten en Santiago ás Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación

InvestiGal-Rede Galega pola Investigación e a Asemblea de Investigadoras de Compostela xa pensan en repetir a experiencia.

## Xornadas Cultura Laboral en Investigación

"Compartir soluciones, subvertir posiciones"

Outubro 2022

As ‘Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación’ (**X-CLI**), que se desenvolveron os días 13 e 14 de outubro no Edificio CEA de Vista Alegre, en Compostela, marcaron o punto de arranque das actividades de formación deste curso académico. Estas xornadas estiveron organizadas conxuntamente polas asociacións **InvestiGal-Rede Galega pola Investigación** e a **Asemblea de Investigadoras de Compostela** (AIC). Esta actividade tivo continuidade en Valencia (20 e 21 de outubro) e en Madrid (27 de outubro).

Estas xornadas serviron para visibilizar o traballo de investigación que están a realizar doutorandos/as e doutores/as da USC e doutras universidades galegas. As X-CLI tiveron como obxectivo formar un foro social crítico para dar a coñecer os aspectos laborais e os dereitos do sector de ciencia e investigación, así como favorecer a concienciación colectiva e ofrecer unha canle de difusión e interacción entre os distintos colectivos, asociacións e plataformas que representan ao persoal de investigación.

A organización móstrase moi satisfeita polo éxito acadado. Desde a AIC, explican que, a nivel organizativo, estan moi contentas “xa que superamos todas as expectativas con máis de 300 inscricións na sede de Compostela entre as modalidades presenciais e en liña”. Engaden que, seis días antes do inicio das xornadas, xa colgaran o cartel de inscricións completas en modalidade presencial. Ao ser a primeira edición, InvestiGal dubidaba sobre se terían a acollida “que nos gustaría, pero a verdade é que superou as nosas expectativas”.

 Ir ao sumario

Como lembran desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela, “o obxectivo non foi simplemente facer crítica senón propoñer solucións, xa que o camiño que nos queda por percorrer pode parecer moi duro, pero botando a vista atrás só na última década conseguimos grandes melloras da situación do persoal investigador”. AIC pensa que foron quen de crear “un ambiente onde a xente se sentiu cómoda para facer preguntas sobre situacíons persoais, que son realmente un problema colectivo e que doutra maneira non terían aflorado”. “Tocamos moitos temas incómodos nestas xornadas, dos que non falamos acotío debido ao individualismo e á alta competitividade á que nos dirixe o sistema de ciencia e investigación. Queremos tender pontes e crear colectividade e pensamos que xornadas como esta axudan a conseguilo”, explican. Neste mesmo sentido opinan desde InvestiGal: “Creouse un espazo de iguais a iguais, onde se compartiron inquedanzas e puntos de vista, dende un catedrático a unha predoutoral, e vemos que moitos puntos de vista son coincidentes e outros, ainda que discordantes, enriquecedores.

‘As Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación abordaron unha gran variedade de temas. Na sede de Compostela falouse da lexislación laboral que afecta directamente á investigación e á carreira investigadora, do sistema de ciencia español, de igualdade no sector, de divulgación científica e de saúde mental. Para todo iso, botaron man de perfís moi diversos, desde investigadores/as predoutorais, investigadores/es posdoutorais en distintas etapas, profesorado, titulares de universidade e catedráticos/as. Para a Asemblea de Investigadoras de Compostela “isto é o vivo reflexo de que a dignificación e mellora do sector da investigación nos preocupa a todas”.

Sobre a posibilidade de repetir a experiencia, desde InvestiGal adiantan que as xornadas foron creadas “coa intención de facerse un oco na axenda do país, sempre e cando suscitaran interese no público e, polo momento, parece que así foi”. Nos próximos meses hai prevista unha reunión conjunta para poñer as visións en común e tomar decisións ao respecto. “Pero nós temos a firme confianza de que se repitan para o ano, ou canto menos, de maneira bianual”, engaden.

As dúas entidades organizadoras destacan a colaboración coa EDIUS para levar a cabo esta actividade formativa. InvestiGal agradece “a boa disposición da Escola en todo momento e a máxima liberdade que nos deron para organizar as xornadas na forma que quixeramos”. AIC, pola súa banda, destaca que “a simbiose foi excelente”. Ambas as dúas móstranse “encantadas” de poder continuar nesta liña e poder levar a cabo outras actividades que sexan de interese compartido.



**José Manuel  
Cifuentes Martínez**

Subdirector de  
Ciencias da Saúde

*«A grandeza  
dunha nación e  
o seu progreso  
moral poden ser  
xulgados pola  
forma en que os  
seus animais son  
tratados»*

- Gandhi

**OPINIÓN**

## Experimentación animal

A experimentación animal ten existido desde sempre e, tamén, o dilema ético en relación coa contraposición entre dous valores: por unha banda, a sensibilidade dos animais e o posible dano que poidan sufrir durante un experimento e, por outra banda, o feito de que estes experimentos son vitais para a protección dos humanos e incluso para a seguridad e saúde dos propios animais.

Como consecuencia, existen dúas tendencias éticas extremas: os chamados defensores dos animais, que mantén que nunca está xustificado danalos, e, no outro extremo, os que defenden que poden ser usados de forma arbitraria. Con todo, a maioría parece manter unha opinión que se sitúa nun punto intermedio ao aceptar o uso de animais para experimentación, pero soamente baixo certas condicións.

O tema da ética e o benestar animal debería implicar e preocupar a todos os individuos da sociedade, pero en especial a aqueles que están involucrados na investigación biológica. Esta conciencia social ten obrigado á creación de novas e mellores normativas para protexer o benestar animal. A modo de exemplo pódense citar os principios de ética con modelos animais que a Sociedad Española para a Ciencia do Animal de Laboratorio (SECAL) establece:

**1.** Débese evitar o uso de animais cando exista un método alternativo que proporcione resultados satisfactorios.

**2.** O beneficio final de animais de experimentación debe estar claramente definido en cada protocolo. A avaliación da necesidade de uso debe realizarse a través dun comité ético de experimentación animal.

**3.** Os ensaios que inclúan animais como modelo experimental deben realizarse en establecementos de usuarios rexistrados.

**4.** As persoas que tomen parte nos experimentos (deseño, manipulacións e coidados) deben ter formación específica nas ciencias do animal de laboratorio. Os animais estarán sempre baixo control veterinario.


**5.** En cada ensaio hai que emplegar o mínimo número de animais posible que garantiza resultados estatisticamente fiables.

**6.** Os animais teñen que estar estabulados en gaiolas e recintos apropiados, en espazos con condicións ambientais estandarizadas e controladas. Igualmente debe estar garantida a posibilidade de que os animais desenvolvan os comportamentos propios da súa especie sempre que as necesidades experimentais o permitan.

**7.** Os ensaios deben realizarse cun alto grao de refinamento que evite a dor, sufrimento ou angustia dos animais. Débense establecer criterios de punto final e pautas de anestesia e analgesia en función da severidade de cada procedemento.

**8.** Para a eutanasia, cando sexa necesaria, débese aplicar un método ética e científicamente aprobado que reduza ao máximo a dor e o estrés dos animais.

# Formación



## Actividades Novembro 2022

### Sustentabilidade, Investigación e Cooperación Internacional. A propósito da axenda 2030



7, 21 e 28 de novembro; e 15 de decembro de 2022 - Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 24 de outubro ao 3 de novembro de 2022

Horario: 7 de novembro. 10:00-13:00 h.(presencial); 21 de novembro. 10:00-13:00 h. (en liña); 28 de novembro. 10:00-13:00 h. (presencial); 15 de decembro: Entrega da tarefa final

### Introducción a Data Science. Conceptos básicos e aplicación do fluxo de traballo para a investigación doutoral



7, 8 e 9 de novembro de 2022 - Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 24 de outubro ao 3 de novembro de 2022

Horario: 7 e 8 de novembro, de 16:00 a 20:00h; 9 de novembro, de 10:00 a 14:00h

### Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para investigación




21, 23, 28 e 30 de novembro, e 12 de decembro de 2022; tutorías día 19 de decembro en dúas sesións de 9:00 a 11:00 e de 11:30 a 13:30 - Actividade Online, utilizando MStteams

Matrícula: do 7 ao 14 de novembro de 2022

Horario: de 9:00 a 11:00h

# Formación



## Actividades Novembro 2022

### A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO INICIAL: O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual na investigación ➔

21, 23, 28 e 30 de novembro de 2022 - Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 7 ao 14 de novembro de 2022

Horario: de 17:00 a 19:30 horas

### Cómo transferir a miña tese á sociedade. No marco dos ODS (Lugo) ➔

22, 24 e 29 de novembro, e 1 de decembro de 2022 - Aula Emprendemento da Facultade de Administración e Dirección de Empresas; Rúa Afonso X o Sabio, s/n, 27002 Lugo

Matrícula: do 8 ao 15 de novembro de 2022

Horario: de 10:00 a 13:00h

**ENTREVISTA**



**David Facal-Mayo**

David Facal-Mayo, director do Innovation Senior Lab

## «O envellecemento da poboación é un logro social e ofrece múltiples oportunidades»

O Senior Innovation Lab é unha experiencia educativa no ámbito das persoas maiores consistente nunha serie de seminarios presenciais e traballo en liña. Esta iniciativa busca favorecer a adquisición de coñecementos e ferramentas de innovación por parte do alumnado da USC para desenvolver novas soluciones aos distintos retos e oportunidades dunha sociedade avellentada.

Este programa formativo busca atopar novas ferramentas para facer más agradable a vida das persoas maiores. Deste xeito, xorden estratexias específicas de innovación e transferencia como o codeseño, a interxeracionalidade ou a silver economy, que buscan ir más aló dos estereotipos negativos sobre envellecemento patolóxico, dependencia e demencia asociados á idade avanzada.

Este Senior Innovation Lab, que arrancou en Santiago o 21 de outubro e rematará o vindeiro 2 de decembro, está enmarcado no proxecto europeo INVENTHEI. O obxectivo é promover unha experiencia de deseño interxacional e aberto a toda a comunidade universitaria.

David Facal-Mayo, doutor en Psicoloxía da USC, é o director do Senior Innovation Lab. Con el falamos de como a distribución demográfica por idade supón novas realidades para a empregabilidade e o emprendemento, e tamén novas necesidades de coñecemento nos diferentes eidos científicos e académicos.

### Como surde a idea de organizar esta actividade?

Este laboratorio quere chamar a atención das universidades sobre a investigación e o grao de emprendemento. As universidades están sendo axentes fundamentais na formación de investigadores e investigadoras, pero aínda estamos moi centrados na docencia e debemos facelo moito máis na investigación. O ano pasado fixemos en Santiago unha experiencia piloto con alumnos de mestrado e agora decidimos abrilo máis.

[Ir ao sumario](#)

Con talleres coma este podemos espallar unha forma de traballar na innovación tendo en conta que somos universidades e que, ademais de no coñecemento, tamén temos que centrar os nosos esforzos en conseguir tecnoloxías de innovación máis áxiles.

**Por que decidistes abrir o seminario a toda a comunidade universitaria?**

Realmente, o proceso de envellecemento é transversal e pode ser relevante e interesante para calquera grao, mestrado ou programa de doutoramento da USC. A simple vista, parece que esta actividade podería ter más que ver coas ciencias da saúde e as enxeñarías – polo tema do desenvolvemento tecnolóxico –, pero non é así. Buscamos unha perspectiva transversal e a colaboración entre todos e todas. Porque cumplir anos é algo transversal e calquera tipo de titulación pode ser moi útil para crear novos proxectos económicos, empresariais, startups...

**Que características especiais ten esta segunda edición?**

Na pasada edición traballamos os retos sociais, pero nesta trabállase directamente con organizacións do sector. Os grupos de deseño son interxeracionais – tamén participa alumnado sénior – e traballan con distintas entidades do sector xerontolóxico e social para dar resposta ás súas necesidades. As entidades colaboradoras son [AGADEA Alzheimer](#), [ATEGAL](#), [Cruz Vermella](#), [DomusVi](#) e [ARC Os Tilos](#). Ao comezo, todas elas se reuniron cos equipos de innovadores da USC definindo cales son as necesidades do sector. O obxectivo final é que o alumnado poida proponer solucións innovadoras que axuden a mellorar.

**«Galicia é un laboratorio da futura demografía dée Europa»**

**Que papel xoga o envellecemento na sociedade e na economía?**

O sector do envellecemento e a atención a persoas maiores é un sector central no noso ecosistema e na nosa economía. Somos sociedades moi avellentadas, sobreavellentadas. En Galicia somos agora xa a ‘avanzadilla’ do que vai ocorrer no resto de Europa nos vindeiros 20 ou 30 anos. Galicia somos, como país, un laboratorio da futura demografía de Europa.

**E que podemos facer?**

Detectamos que as persoas que cursan os nosos mestrados teñen unha orientación basicamente asistencial, centrada nos coidados dos demás e na dependencia. E esa non é a única realidade do sector. Hai outra realidade ligada ao sector innovador, á xeración de coñecemento e de novas ini-

ciativas. O que estamos a vivir como sociedade pide novas solucións. E, ás veces, o alumnado e o profesorado non estamos concienciados destas outras necesidades. Temos que apostar pola innovación a través de tecnoloxía áxil, buscar novas solucións ao reto da lonxevidade.

### **Case sempre escotamos falar do envellecemento da poboación cun ton negativo.**

Temos que resaltar a parte positiva do envellecemento e non esquecer que este é un logro social. Cada vez chega máis xente a vella porque temos as atencións sanitarias e sociais necesarias para que así sexa. A idea de envellecemento estereotipada e negativa está vinculada só ao envellecemento patolóxico, cando realmente o sector ofrece múltiples oportunidades empresariais de desenvolvemento tecnolóxico, modelos de atención... Ademais, debemos destacar que en Galicia temos un ecosistema relacionado co envellecemento moi innovador que está sendo vanguarda.

